

XII CONCURSO “IGNACIO LÓPEZ BUENO” DE PRESENTACIÓN INFORMÁTICAS E AUDIOVISUAIS

A Dirección do IES “TERRA DE TRASANCOS” quere convidalos a participar na **XII Edición do Concurso de presentación informática e audiovisuais “Ignacio López Bueno”**. O tema elixido nesta edición é **“CONTAMINACIÓN ACÚSTICA”**, tema relacionado co Proxecto Terra deste ano que se centrará na *Transformación de Patios Escolares*.

Os nosos obxectivos son: coñecer e recoñecer a contaminación acústica, e sensibilizar ao alumnado dos problemas que xera o alto nivel de ruído ao que está exposto ao longo do día.

Por todo isto, animámoslos a participar na presente edición do concurso e rogámoslles transmitan esta información a tódolos departamentos didácticos.

BASES DO CONCURSO:

PARTICIPANTES:

O concurso vai dirixido aos alumnos e alumnas de educación secundaria **ESO, BACHARELATO e CICLOS** que estean matriculados no presente curso en centros de **GALICIA**.

Cada un dos participantes deberá acompañar o seu traballo dun certificado de matrícula nalgún dos centros da nosa Comunidade Autónoma.

TRABALLO:

Consistirá nunha presentación informática ou audiovisual, que levará como título:

“CONTAMINACIÓN ACÚSTICA”

VALORACIÓN DO TRABALLO:

Para a valoración do traballo terase en conta:

- O rigor científico.
- A influencia medioambiental e na saúde.
- A orixinalidade da presentación e dos contidos.
- O rigor nos aspectos tecnolóxicos e plásticos.

ENTREGA DO TRABALLO:

- Na Secretaría do centro IES “TERRA DE TRASANCOS”
- Por correo ordinario en formato CD ou DVD
- Por correo electrónico, poñendo como asunto: **XII Concurso de presentación informática “Ignacio López Bueno”**
- Terá que constar o nome do alumno, o curso, o centro no que está matriculado, o nome do profesor encargado e os seus datos de contacto.

ENDEREZOS:

IES "TERRA DE TRASANCOS", CAMIÑO REAL s/n C.P. : 15570 NARÓN.

ies.terra.trasancos@edu.xunta.es

DATAS DE PRESENTACIÓN:

Os traballos terán como **data límite** para a súa presentación o día **1 de abril do 2019**.

PREMIOS:

1 premio para alumnos de ESO dotado con **DIPLOMA** e un vale de 120 euros trocable por material didáctico e/ou escolar.

1 premio para alumnos de Bacharelato e Ciclos dotado con **DIPLOMA** e un vale de 120 euros trocable por material didáctico e/ou escolar.

ENTREGA DE PREMIOS:

O fallo do concurso e a entrega de premios terá lugar nun acto que se levará a cabo o día **12 de abril do 2019** no Salón de Actos do centro **ás 12.10 da mañá**. Así mesmo será publicado no taboleiro do centro e na páxina web:

www.trasancos.net

XURADO:

Estará constituído polos seguintes membros:

A vicedirectora do centro, a Xefa do Departamento de Física e Química, unha profesora do Departamento de Tecnoloxía e un profesor do Departamento de Administración.

O fallo será inapelable, podendo quedar deserto algún dos premios se o xurado así o considera.

Os traballos presentados non se devolverán e poderán ser publicados en formato dixital e/ou impreso con fins didácticos.

Narón, a 15 de febreiro de 2019




Asdo: Graciela Galdo Vigo

A Directora